

## **REPARTO DE CRÉDITOS AOS CENTROS DOCENTES. 2004**

Con data de 28 de abril convocouse a Comisión delegada para Asuntos Económicos do Consello de Goberno, para o día 11 de maio ás 12,30 h. no Salón Reitoral, coa finalidade de concretar os criterios de reparto dos créditos aos centros docentes. Seguindo o acordado nesta Comisión na reunión para o reparto de créditos do exercicio anterior convidouse aos decanos e directores de centros para que expuxeran as súas opinións diante da Comisión. A Comisión non se puido constituír pola inasistencia de membros suficientes (dous membros incluído o Presidente). Pola contra, a asistencia de decanos e directores de centros foi masiva (case a totalidade dos centros estaban representados).

A Comisión non pode polo tanto elevar ao Consello de Goberno unha proposta propia, e o único que traslada o seu presidente neste escrito é as reflexións aportadas e as decisións finais adoptadas polos decanos e directores de centro presentes para que sexan valorados polo Consello de Goberno e, de ser o caso, proceder a sometelos á aprobación.

### **PLANTEXAMENTOS DE PARTIDA**

Considerouse oportuno, á hora de concretar os criterios para as diferentes partidas, expor as seguintes valoracións, críticas e suxestións:

- Cuestionouse o grao de experimentalidade aprobado no seu día dentro do acordo de financiamento coa Comunidade Autónoma e que é tido en conta para o reparto de dous conceptos a repartir. Propúxose que dentro do novo modelo de financiamento se valore, na medida do posible, a graduación do grao de experimentalidade en base ao custo real da docencia práctica.
- Proponse ter en conta, na medida do posible para criterios de reparto futuros, o número de alumnos de posgrao e formación continua.
- Debateuse amplamente e con posicionamentos diferentes sobre conveniencia de seguir afondando na aplicación dos criterios acordados para o ano pasado mediante a aplicación dunhas maiores porcentaxes de reparto en base a estes criterios. Dadas as diferencias de posicións existentes someteuse a votación aprobándose a proposta de seguir afondando na aplicación dos criterios propostos o ano pasado.
- En liña co anterior, acordouse que a aplicación dos criterios en cada unha das partidas repartidas, non supoña unha diminución para ningún centro superior ao 6% do acadado polo centro no ano anterior. Na medida en que algunhas partidas presentan xa de por si unha diminución derivada da menor cuantía repartida, o límite de variación se engadirá á dita diminución.

### **CRITERIOS DE REPARTO PROPOSTOS:**

#### **SUBMINISTROS DOCENTES:**

Cantidade repartida 635.000 € (35.000 correspondentes á partida centralizada no VOAP).

Criterios 2003:

20% en base ao número de alumnos ponderado polo grao de experimentalidade.

80% restante en función do reparto establecido no último orzamento aprobado.

Proposta criterios 2004:

35% en base ao número de alumnos ponderado polo grao de experimentalidade.

65% restante en función do reparto establecido no último orzamento aprobado.

(Ningún centro diminúa máis do 6%)

## **COMUNICACIÓNS:**

Cantidade repartida 375.000 €

Criterios 2003:

15% de forma lineal.

15% en función do número de profesores, considerando os a tempo completo como unha unidade e os a tempo parcial como media unidade.

80% restante en función do reparto establecido no último orzamento aprobado.

Proposta criterios 2004:

15% de forma lineal.

30% en función do número de profesores, considerando os a tempo completo como unha unidade e os a tempo parcial como media unidade, e PAS.

55% Restante en función do reparto establecido no último orzamento aprobado.

(Ningún centro diminúa do 6%)

## **RESTO GASTOS CORRENTES:**

Cantidade repartida 482.400 € + 27.200 €

Criterios 2003:

20% de forma lineal.

20% en función do número de alumnos.

60% en función do número de profesores do centro.

Proposta criterios 2004:

IGUAL

(Ningún centro diminúa máis do 25% -19% por diminución de cuantía e 6% de garantía-)

## **EQUIPAMENTO DOCENTE:**

Cantidade repartida 504.000 €

Criterios 2003:

8% en función do número de alumnos ponderado polo grao de experimentalidade.

12% en función do número de profesores ponderado polo grao de experimentalidade.

80% Restante en función do reparto establecido no último orzamento aprobado.

Proposta criterios 2004:

18% en función do número de alumnos ponderado polo grao de experimentalidade.

22% en función do número de profesores ponderado polo grao de experimentalidade.

60% Restante en función do reparto establecido no último orzamento aprobado.

(Ningún centro diminúa máis do 26% -20% por diminución de cuantía e 6% de garantía-)

## **REPARACIÓN DE EDIFICIOS:**

Cantidad repartida 300.000 €

Criterios 2003:

20% de forma lineal.

20% en función do persoal total do centro (alumnos, profesores e PAS).

50% en función do número de metros cadrados construídos antes do ano 1990.

10% en función do número de metros cadrados construídos despois do ano 1990.

Proposta criterios 2004:

20% de forma lineal.

20% en función do persoal total do centro (alumnos, profesores e PAS).

50% en función do número de metros cadrados construídos antes do ano 1990.

10% en función do número de metros cadrados construídos despois do ano 1990.

(Ningún centro diminúa máis do 23% -17% por diminución de cuantía e 6% de garantía-)

Centro	<i>Reparto de créditos ós centros docentes 2004</i>					
	Subministrados	Comunicacións	Resto Gastos	Equipamento	Reparación	Total
Fac. Admón. e Direc. Empresas	10.898	10.444	14.840	11.950	8.918	57.050
Fac. de Bioloxía	46.192	15.270	19.652	21.953	15.211	118.277
Fac. de Ciencias	18.861	13.172	14.355	8.867	10.950	66.204
Fac. de CC. da Educación	27.364	18.649	23.751	22.578	11.500	103.841
Fac. de CC. da Comunicación	8.598	7.583	9.284	7.693	8.145	41.304
Fac. de CC. Económicas e Empresariais	39.313	26.773	35.059	34.519	20.666	156.329
Fac. de CC. Políticas e Sociais	7.207	6.765	12.031	7.965	8.137	42.106
Fac. de Dereito	14.146	16.517	21.602	17.473	14.642	84.381
Fac. de Farmacia	55.069	23.704	23.647	29.393	18.406	150.218
Fac. de Filoloxía	31.260	38.315	35.028	34.093	12.270	150.967
Fac. de Filosofía	1.560	7.755	8.591	3.912	5.055	26.874
Fac. de Física	18.866	16.788	19.408	18.304	10.226	83.592
Fac. de Humanidades	2.401	7.354	11.026	4.943	3.777	29.500
Fac. de Matemáticas	14.744	16.195	16.832	13.807	9.712	71.291
Fac. de Medicina e Odontoloxía	96.904	17.607	63.732	84.040	25.549	287.830
Fac. de Psicoloxía	30.131	15.039	18.851	20.578	11.466	96.064
Fac. de Química	26.274	14.337	21.159	17.477	16.123	95.370
Fac. de Veterinaria	35.239	15.671	20.910	26.603	22.977	121.400
Fac. de Xeografía e Historia	17.325	20.170	24.623	18.014	15.796	95.928
Escola Politécnica Superior	70.669	28.612	41.426	52.114	17.419	210.241
Escola Técnica Superior de Enxeñería	14.951	7.406	9.499	7.963	7.041	46.861
E. U. de Enfermería	23.396	7.059	13.819	15.967	6.144	66.385
E. U. de Form. Prof. de EXB - Lugo	6.782	9.614	11.243	7.748	7.179	42.566
E. U. de Óptica e Optometría	10.140	7.691	8.998	8.542	6.715	42.086
E. U. de Relacións Laborais	6.693	6.520	10.221	7.522	6.023	36.978
<b>TOTAIS</b>	<b>634.983</b>	<b>375.009</b>	<b>509.585</b>	<b>504.016</b>	<b>300.049</b>	<b>2.323.642</b>

Nota: Por restriccións do programa contable estas cantidades se redondearán no múltiplo de 10 superior.